

### Cálculo da capacidade ou dedicación docente básica (ADB)

Para este cálculo, partimos da capacidade efectiva total (**CET**) do PDI a tempo completo que son **1600 horas**.

A partir de aquí temos que calcular a capacidade docente investigadora total (**CDIT**).

1º) A **CDIT** calcúlase tendo en conta os recoñecementos recollidos na táboa B da Normativa de dedicación do profesorado, “*Recoñecementos de actividades de goberno e representación*” (**RAGR**).

É dicir, o profesorado que realice algunha das labores establecidas nesta táboa, ten que restar da súa **CET**, o resultado de aplicar a porcentaxe correspondente ao seu labor:

$$\text{CDIT} = \text{CET} - \text{RAGR} \quad (1.600 - \% 1.600)$$

2º) Unha vez calculada a **CDIT**, (no caso de non desempeñar ningún cargo establecido na táboa B, a **CET = CDIT**), vaise á táboa do *punto 3 da Normativa* para establecer a dedicación/intensificación docente e investigadora ao que pertence, dentro dos 5 tipos establecidos nela (**I, IM, R, DM ou D**), segundo os sexenios resoltos **antes do 31 de decembro** do ano anterior ao inicio do curso académico, a antigüidade dos mesmos e a categoría.

Segundo o tipo que lle corresponda, aplícase a porcentaxe establecida na *última táboa da Normativa*, obténdose así a Capacidade Inicial Docente (**CID**):

$$\text{CID} = \% \text{ aplicable sobre as horas de CDIT}$$

3º) Unha vez obtida a **CID**, para obter as horas de dedicación docente básica (**ADB**) ou capacidade docente final (**CDF**), hai que dividila entre catro:

$$\text{CDF} = \text{CID}/4$$

A capacidade docente que aparece na aplicación informática coincide coa capacidade docente final (**CDF**).

#### *Exemplo:*

*Un profesor/a Titular de Universidade cun sexenio, cuxa data de fin de tramo é o ano 2013 e que desempeña o cargo de secretario de departamento.*

1º)  $\text{CDIT} = 1600 - (1600 * 12,5/100) = 1400$  horas

2º) *O tipo de dedicación/intensificación que lle correspondería é o tipo **R(60%)***  
 $\text{CID} = 1400 * 60/100 = 840$  horas

3º) *A capacidade docente final será:*  
 $\text{CDF} = 840/4 = 210$  horas de docencia presencial